

**27.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO  
LOCAL DE 27 DE XUÑO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**1.- LICENZAS DE OBRA.**

**1.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para a construción de centro de imaxe, exposición e veda de camiós no Polígono Industrial Lalín 2000, parcela nº 3, da Cidade do Transporte, Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 14/10/15, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 23/06/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3.060,44 euros.

**1.2.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para acondicionamento de local para uso de Café-Bar na rúa Xoaquín Loriga, 9 baixo, Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 17/06/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 21/06/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 895,65 euros.

**1.3.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para reforma e

acondicionamento de establecemento destinado a restaurante e á comercialización de produtos da terra na Praza da Torre, 6 – Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 17/06/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 24/08/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 1.087,05 euros.

**1.4.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para instalación de ascensor en edificio de vivendas na rúa Melide, 4, Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 09/06/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 16/06/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 1.236 euros.

## **2.- LICENZA PARA ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.**

**2.1.-** Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración de festa patronal na honra a San Benito, o día 09/07/16, en Xaxán - Lalín.

**2.2.-** Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración de festa patronal na honra a San Benito, o día 10/07/16, en Prado – Lalín.

## **3.- INFORME PREVIO.**

**3.1.-** Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal**, de data 14/06/16, solicitado polo Ministerio de Fomento, unidade de carreteras, para autorización de obras para sinalización de carga e descarga na rúa Areal, 6, Lalín.

## **4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**4.1.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.748,58 € (IVE incluído), con destino á **subministración de dous remolques para a Brigada Municipal de Obras e Servizos**, e contratar con FERRODEZA S.L. a subministración de dous remolques para a Brigada de Obras e Servizos polo importe de 3.748,58 € (IVE incluído).

**4.2.-** Acordouse **iniciar o expediente de contratación denominado “REHABILITACIÓN E SANEAMENTO DA RONDA ESTE-NORTE (TRAMO AV/ORENSE-EP6009) (PPOS/2015)”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 247.355,37€ máis a partida de 51.944,63€ correspondente ao IVE e un prazo máximo de execución dun (1) mes.

**4.3.-** Acordouse **iniciar o expediente de contratación denominado “MELLORA DO ESPAZO MEDIOAMBIENTAL RÍO PONTIÑAS”**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario de varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 49.842,64 € máis a partida de 9.836,95€ correspondente ao IVE e un prazo máximo de execución de 2 meses e medio.

## **5.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.**

**5.1.-** Acordouse **aprobar a Bolsa de Emprego para o posto de Axente de Aparcadoiro** por orde de maior a menor puntuación.

**5.2.-** Acordouse **desestimar a reclamación administrativa previa presentada por traballador municipal** dado que non se incurriu en ningún defecto esencial na súa contratación, e neste intre dito traballador conta cun contrato de interinidade a tempo completo para a praza de condutor-operario que figura na Relación de Postos de Traballo, e figura así mesmo, como aspirante a dita praza no proceso selectivo aberto para a provisión da mesma praza como persoal laboral fixo.

**5.3.-** Acordouse **contratar aos candidatos a 2 socorristas** ao abeiro do programa do fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais 2016 de data 22 de xuño de 2016.

## **6.- FACTURAS E CONTAS.**

Acordouse aprobar e declarar de abono as relacións de **facturas por importe total de 14214,18 euros.**

## **7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**7.1.- Acordouse aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións 2016 do Concello de Lalín.**

**7.2.- Acordouse deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, da sesión celebrada o día 25 de abril de 2016, polo que se aprobou un CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE MEDIOAMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO PARA A OCUPACIÓN DUN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL UBICADO NO AGRO DE LALÍN DE ARRIBA PARA A INSTALACIÓN DUNHA ESTACIÓN FIXA DE CONTROL DA CALIDADE DO AIRE; e outorgar de xeito directo a concesión demanial a favor da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación dunha estación de control da calidade do aire e meteorolóxica, na parcela de propiedade municipal ubicada no agro de Lalín de Arriba, Parcela EL-A.2-Mazá M-5 con referencia catastral 3332101NH7233S0001YL, cunha superficie total de 870,00 m<sup>2</sup>, inscrito no Rexistro da Propiedade de Lalín no Tomo 902, Libro 336, Folio 42, Alta 1 do Concello de Lalín. A superficie a ocupar será de 22,50 m<sup>2</sup> dos 870 cos que conta a parcela. As obrigas do Concello de Lalín serán as mesmas que as recollidas no convenio aprobado no seu día.**

**7.3.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 117,61 € a aboar en efectivo.**

**7.4.- Acordouse outorgar as concesión de parcelas para a construción de sepulturas aos interesados.**

**7.5.- Acordouse traspasar o importe de 1.736,72 € correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva pola Deputación de Pontevedra das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.**

**7.6.- Acordouse concederlle á empresa Xestión Ambiental de Contratas S.L. un prazo total de 1 mes e 15 días para actualizar os traballos obxecto do contrato, rematando a tódolos efectos legais o día 23 de xullo de 2016.**

## **8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**8.1.- Acordouse denegar o rexistro e expedición da tarxetas de armas solicitada por interesado ao non proceder tramitalo neste Concello, por non**

residir nin estar empadroado o interesado no Concello de Lalín.

**8.2.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a utilización dun espazo público ubicado na Praza da Igrexa os días 2 e 3 de xullo de 2016 en horario de 10:00 horas ás 22:00 horas, no que realizarán a campaña solidaria de recollida de medicamentos para enviar posteriormente a Venezuela.

**8.3.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a realización dunha reportaxe fotográfica no Pazo de Liñares o vindeiro día 25 de agosto de 2016, a partir das 13:30 horas.

**8.4.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso do Auditorio Municipal a unha asociación para reunirse periodicamente os días 29 e 30 de xuño de 2016.

**8.5.-** Deuse conta do escrito presentado en relación ao contrato administrativo do **SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS PARA O MULTIUSOS LALÍN ARENA**, comunicando que unha traballadora solicitou a súa baixa voluntaria na empresa polo que a súa distribución horaria nas actividades pasará a realizala unha nova traballadora.

-----